Pyracantha coccinea M. Roem., 1847

- espiño coraleiro, espiñeira
- espino de fuego, piracanta
- suzko elorri
- piracanta
- firethorn
- piracanta



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Pyracantha***

ORIXE

Mediterráneo norte, Mar Negro, o Cáucaso.

CARACTERÍSTICAS

Planta de porte arbustivo que ronda os 3 m de altura. Talo leñoso, moi ramificado, provisto de espiñas longas e ríxidas. Codia pardo-agrisada. Copa densa, irregular e expandida, pode ser erecta ou arqueada. Forma sebes compactas e impenetrables. Follas alternas, simples, de forma ovada a elíptica, de cor verde escura brillante. Teñen a marxe enteira ou lixeiramente serrada. Flores pequenas, de cor branca, que se agrupan en densos corimbos. Froito tipo pomo pequeno, de cor vermella intensa, ás veces laranxa. Floración na primavera-verán e frutificación no outono-inverno.

HÁBITAT

Principalmente matogueiras, ladeiras rochosas, bordos de camiños, xardíns e parques. Prefire solos ben drenados e lugares con boa exposición solar. Tolera o frío, a seca e a contaminación.

DISTRIBUCIÓN

Orixinaria de Europa oriental e Asia occidental. Amplamente cultivada en toda Europa e América, comunmente como ornamental.

CURIOSIDADES

É moi importante para as aves como fonte de alimento durante o inverno. Cando escasea o alimento, estas aproveitan os seus froitos.